



**ASUNTO:**

INFORME DE VALORACIÓN DAS OFERTA TÉCNICAS PRESENTADAS O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACION DO EXPEDIENTE 4493/440.

**DESTINATARIO:** MESA DE CONTRATACIÓN – CONCELLO DE VIGO

Remítese dende a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, para valoración das ofertas técnicas aceptadas para a licitación do expediente de contratación dos SERVICIOS DE SOPORTE TECNICO E FORMACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO EDUSI – VIGO VERTICAL - COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER).

Para a valoración das ofertas técnicas emítase o presente informe atendendo ó prego das cláusulas administrativas particulares de acordo cos seguintes apartados:

1.- Ofertas aceptadas pola Mesa de Contratación:

A mesa de contratación celebrada o 9 de xuño de 2017, realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación do presente expediente, resultando admitidas as seguintes:

Empresas admitidas a licitación
PWC
ERNST & YOUNG S L

2.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor:

Para a realización do presente informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor das ofertas presentadas, e segundo o contido do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o presente expediente de contratación, debemos referirnos ó recollido no apartado “7 e 8 da **FOLLA DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)**” e de forma específica sobre o apartado “8.A” en relación os criterios avaliados mediante xuízo de valor que son os seguintes:

**A) CRITERIOS AVALIADOS MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:**

**1.- Memoria técnica dos traballos a realizar:** valorarase con ata 35 puntos

O licitador presentará memoria técnica que expoña a proposta de contidos e o desenrolo dos traballos a realizar con indicación dos condicionantes que presentan estes, de modo que se poda coñecer o alcance dos traballos e se demostre coñecemento do traballo a realizar.

A puntuación distribuírase nos seguintes apartados:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2017 11:56	Páxina 1 de 15
Expediente 4493/440	Código de verificación: 25E44-C35CC-E8A3B-A5BDA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- a) **Análise do e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados a) e b) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 15 puntos**
- b) **Análise e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados c), d) e e) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**
- c) **Análise e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados f) e g) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- O grado de detalle e a concreción de todos e cada un dos traballos a realizar, e de forma especial a súa aplicación os procedementos esixidos pola regulación de Fondos FEDER, para o cal deberá acreditar un dominio conceptual, metodolóxico e técnico adecuado para a execución do contrato.
- A adaptación de cada un dos documentos aos contidos indicados.
- A xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos.
- A coherencia de todos os documentos.

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgará a máxima puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle mellor os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

**2.- Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos ao proxecto: valorarase con ata 10 puntos**

O licitador presentará memoria descritiva que recolla organigrama coa organización dos recursos humanos con indicación da experiencia, cualificación e formación do equipo humano. A experiencia deberá ter unha relación directa co obxecto do proxecto. Achegará información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade do proxecto.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) **Organización dos recursos humanos: valorarase con ata 5 puntos**

Incluirá un organigrama explicativo da dedicación dos técnicos a realización das distintas actividades comprendidas no traballo, e a descrición e xustificación das actuacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ao contrato.

b) **Experiencia, cualificación e formación do equipo humano adscrito á prestación do servizo superior aos criterios mínimos establecidos no apartado 5.D desta FEC: valorarase con ata 5 puntos**

Especificarase a experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias deste proxecto, valorándose a experiencia acreditada así como a cualificación e formación en proxectos de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción ao servizo dos profesionais que vaian intervir.





A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta os seguintes aspectos:

Para o apartado a)

- A adaptación do equipo aos contidos indicados.
- O grado de detalle e a concreción de todos e cada unha das traballos a realizar polos membros do equipo.
- A coherencia de todos os documentos.
- Organización adecuada do equipo humano a intervir no traballo.

Para o apartado b)

- A experiencia acreditada en proxectos de similares características.
- A cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar.
- A coherencia de todos os documentos.

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgara a máxima puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle mellor os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

A **puntuación** dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes **regras**:

- As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados a cada criterio.
- Fíxase un umbral mínimo de puntuación: serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.

### **3.- Valoración das ofertas:**

#### **3.1. Oferta presentada pola mercantil: PWC**

En relación a documentación entregada debese indicar que a mercantil “PWC”, indica na mesa o carácter de “CONFIDENCIALIDADE”, de toda a documentación presentada na súa oferta técnica.

#### **1.- Memoria técnica dos traballos a realizar: valorarase con ata 35 puntos**

Presenta nun único arquivo dixital os tres apartados que se corresponden para esta memoria, e polo tanto o mesmo, non supera as limitacións establecidas en relación ao “tamaño dixital ” do arquivo, nin ao número máximo de follas establecidos como límites máximos nas FEC para esta memoria, e procedese a valorar os apartados requiridos:

- a) **Análise do e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados a) e b) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 15 puntos.**





De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

Apartado a) do punto 2 do PPTP. Soporte para a posta en marcha do equipo de trabalo interno que compoña a estrutura de xestión do Concello de Vigo

En relación a este apartado establece un proceso para a selección das unidades municipais que participarán na execución do proxecto VIGO VERTICAL, definindo posteriormente el plan de formación de cada un dos axentes implicados en función das necesidades, en base a especificación dun esquema descritivo das diferentes unidades que deben de compoñer a estrutura organizativa do proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, e a dualidade de funcións en relación a execución das obrigas como organismos intermedio lixeiro e como beneficiario e polo tanto executor e responsable da xestión dos procesos.

Establece de unha maneira gráfica e esquemática unha clasificación do marco normativo para a xestión dos fondos FEDER, dende o ámbito da Unión Europea, o ámbito de España como estado membro e a súa dobre condición de “autoridade de xestión” e “organismo intermedio”, así como a do Concello de Vigo como organismo intermedio lixeiro e beneficiario.

Establece unha proposta de formación diferenciada en relación a “unidade de xestión” e das “unidades xestoras”. Identifica na súa proposta que serán desenvolto os documentos necesarios que posibilite unha consulta áxil e adecuada para o seu uso.

Realiza unha identificación concreta dos riscos que poden producirse durante o proceso de xestión da estratexia, e establece de forma específica un procedemento e sistema de control para a xestión arquivo y custodia de toda a documentación que se produza por parte do Concello de Vigo para que se poida garantir o cumprimento da denominada “pista de auditoria” esixida no ámbito deste proceso.

Apartado b) do punto 2 do PPTP. Soporte para a posta en marcha das operacións vinculadas ao proxecto.

Identifica de maneira concreta os procedementos necesarios para a posta en marcha das operacións, identificando las diversas fases de “programación das actuacións”, “execución das operacións”, “información e publicidade”, “seguimento” e “declaración de gastos e peche das operacións”. Así mesmo define adecuadamente unha estrutura clara para o seguimento, definindo neste caso procedementos para garantir a execución do proxecto de acordo coas seguintes condicións ; procedementos de “relacións e coordinación”, “planificación; “seguimento e avance”, Xestión do control económico”, “xestión de incidencias”, “xestión de riscos”, “xestión de cambios”, “peche” e “control información”. Toda a proposta atopase redactada cun alto grado de coherencia, desenvolvendo gráficos explicativos que demostran unha adecuada estrutura da proposta para posibilitar un soporte técnico adecuado a posta en marcha as operacións do proxecto.

**VALORACIÓN DOS APARTADOS A) E B) DO PUNTO 2 DO PPTP: VALORARASE CON ATA 15 PUNTOS.:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “PWC”, a puntuación deste apartado estableceuse tendo en conta que a mesma demostra un alto grado de coñecemento dos procedementos esixidos pola regulación de Fondos FEDER, xa que na súa exposición acerta a analizar de maneira esquemática e conceptual a problemática a desenvolver, e xustifica adecuadamente a metodoloxía proposta, así como existe unha coherencia entre os





contidos propostos para estes dous apartados. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de **15,00 puntos**.

**b) Análise e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados c), d) e e) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

Apartado c) do punto 2 do PPTP. Despregamento do modelo de gobernanza

Neste apartado desenvolve de maneira moi gráfica unha proposta baseada na elaboración dun mapa dos axentes implicados no proceso de traballo da estratexia e que o mesmo se faga público para potenciar a participación e o entendemento do ciclo de vida do proxecto “Vigo Vertical”. Este proceso identifica adecuadamente unha estruturación por fases e identificando os pasos de cada unha de elas e clasificadas de acordo os seguintes grupos:

- Planificación das actuacións (se inicia co proceso de licitude de financiación).
- Posta en marcha das operacións (se en relación as obrigas de execución incluídas no DECA)
- Seguimento e control da execución. (se inicia co seguimento de indicadores de produtividade e resultados)
- Peche de operación (se inicia coa documentación execución actuación, acta de recepción, etc.)
- Declaración de gastos ao Organismo intermedio de xestión. (declaración de gastos na aplicación galatea 2020/Fondos 2020).

Para todos este pasos se indica que serán realizados modelos de informes seguimento correspondéndose cos diferentes niveis de execución)

De forma específica na proposta indicase que dentro do modelo de gobernanza será realizado un seguimento das medidas antifraude, dita proposta estará adecuada a valoración do risco realizado polo Concello de Vigo.

Apartado d) do punto 2 do PPTP. Planificación das actuacións

En relación a planificación das actuacións a proposta de “PWC” identifica e desenvolve cales son os aspectos clave para garantir unha correcta planificación das actuacións, dando unha importancia relevante a necesidade da identificación das operacións previstas estratexicamente polo Concello de Vigo coas liñas de actuación da estratexia, co fin de garantir un adecuado grado de execución financeira de acordo cunha senda financeira establecida. Neste sentido identifícanse como cuestións “clave” para un correcto funcionamento das “areas executoras” do Concello de Vigo.

En relación a planificación das actuacións desenvólvese nun exemplo ilustrativo, un proceso de planificación para o desenvolvemento dunha operación que poda estar identificada nunha liña de actuación ou en varias liñas de actuación da estratexia, aspecto moi interesante para a comprensión da necesidade dos traballos a desenvolver polas “areas executoras” do Concello na fase de planificación, identificando a necesidade de que posiblemente sexa necesario desenvolver diferentes solicitudes de financiación para las operacións a realizar. Neste caso identifica unha casuística moi adecuada, en relación a que con un único contrato administrativo





se podan desenvolver varias operacións. Todos estes procesos atopan unha proposta de traballo adecuada as dificultades para o desenvolvemento da estratexia. Propoñendo de maneira concreta as intervencións necesarias para desenvolver adecuadamente todas as actuacións derivadas da estratexia.

Apartado e) do punto 2 do PPTP. Definición do modelo de seguimento e avaliación

O licitador neste apartado desenvolve adecuadamente un análise das obrigas do Concello de Vigo en relación aos resultados definidos nas obrigas derivadas do “marco de rendemento”. Deste xeito analiza e orienta os procesos para dar resposta cun modelo de seguimento para os; “indicadores de produtividade”, “os indicadores de resultado” e os “indicadores financeiros”. Este apartado desenvolve cun alto grado de detalle todos os procesos para a medición dos avances na consecución dos obxectivos do proxecto VIGO vertical, establecendo un modelo de seguimento das actuacións que posibilitará medir o grado de execución, identificar as posibles desviacións, manter un alto grado de información sobre estes indicadores. Así mesmo para este seguimento e avaliación a proposta identifica as seguintes tarefas a realizar: Posta en marcha dun modelo de seguimento que garanta; unha medición do grado de execución, unha identificación das desviacións na execución, a determinación dun grado de cumprimento dos obxectivos, a definición de informes de seguimento, o deseño dun modelo de avaliación, así como un modelo de xestión de riscos e establecemento de procesos de alarma.

A proposta mostra un alto grado de adecuación dos procesos de seguimento e garante que o mesmo se atopa orientado a consecución dos resultados da estratexia.

**VALORACIÓN DOS APARTADOS C), D), E) DO PUNTO 2 DO PPTP: VALORARASE CON ATA 10 PUNTOS.**”: De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “PWC”, a puntuación deste apartado estableceuse tendo en conta que a mesma demostra un alto grado de coñecemento dos procedementos esixidos pola regulación de Fondos FEDER. No apartado do modelo de gobernanza identifica adecuadamente unha estruturación por fases e xustifica metodoloxicamente os pasos de cada unha das fases, e fai mención expresa a necesidade dun seguimento específico das mediadas antifraude. Así mesmo a proposta de planificación das actuacións se os procesos de seguimento e avaliación, mostran de maneira esquemática un grado de adecuación dos procesos de seguimento moi adecuada a estratexia e garante que o mesmo se atopa orientado a consecución dos resultados da estratexia. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de **10,00 puntos**.

**c) Análise e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados f) e g) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

Apartado f) do punto 2 do PPTP. Información e publicidade

En relación a este apartado o licitador especifica adecuadamente as obrigas que o Concello de Vigo ten como beneficiario da subvención FEDER en relación a información, comunicación e publicidade, indicando que este apartado é de vital importancia para o desenvolvemento da estratexia Vigo Vertical, xa que como demanda o FEDER, é obrigado conseguir un alto nivel de visibilidade as actuacións desenvoltas coa financiación Europea.





Neste sentido na proposta se desenvolve unha proposta dun “plan de acción”, ordenado e estruturado, de acordo con tres fases, adecuadas as obrigas derivadas da regulamentación e recomendacións tanto de Europa como do Ministerio, sobre as obrigas en materia de información e publicidade. Así mesmo a proposta desenvolve unha proposta concreta para a fase de implantación, e así mesmo desenvolve con detalle propostas para o seguimento dos “indicadores de realización” e dos “indicadores de resultados”, analizando estes adecuadamente para as diversas accións de comunicación (actos públicos, difusión en medios, publicacións, información en web, carteleiras, etc), polo cal a grado de detalle orienta a unha proposta moi interesante para desenvolver as actuacións que o Concello de Vigo teña que realizar para dar cumprimento as súas obrigas.

Apartado f) do punto 2 do PPTP. Participación

A proposta identifica este apartado como unha das obrigas identificadas como “claves” na avaliación dos procesos de implantación da estratexia, de acordo cos regulamento definidos pola Comisión Europea. Neste sentido a proposta desenvolve un plan de participación desenvolto en tres fase e cun nivel de participación moi importante tanto en internet como nas redes sociais. Esta proposta atopase desenvolto con detalle e desenvolta en tres fases “análise” “desenvolvemento” e “seguimento”. A mesma identifica diversas ferramentas e plataformas que posibilitaran a consecución dos indicadores de participación que demanda este tipo de proxectos.

**VALORACIÓN DOS APARTADOS F) E G) DO PUNTO 2 DO PPTP: VALORARASE CON ATA 10 PUNTOS.:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “PWC”, a puntuación deste apartado establecece tendo en conta que na mesma acredita ter un coñecemento específico das esixencias técnicas dos ámbito de comunicación e participación cidadán para a xustificación das actuación dos fondos FEDER. Desenvolve unha proposta concreta para a fase de implantación, e así mesmo desenvolve con detalle propostas para o seguimento dos “indicadores de realización” e dos “indicadores de resultados”, analizando estes adecuadamente para as diversas accións de comunicación. En relación ao apartado de participación cidadán, a proposta desenvolve un plan de participación desenvolto para desenvolver unicamente no ámbito de internet e nas redes sociais. O cal non se atopa adecuadamente xustificado. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de **8,00 puntos**.

**2.- Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos ao proxecto: valorarase con ata 10 puntos**

Presenta nun único arquivo dixital os dous apartados que se corresponden para esta memoria, e polo tanto o mesmo, non supera as limitacións establecidas en relación ao “tamaño dixital ” do arquivo, nin ao número máximo de follas establecidos como limites máximos nas FEC para esta memoria, e procedese a valorar os apartados requiridos:

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

a) **Organización dos recursos humanos:** valorarase con ata **5 puntos**





A proposta de “PWC”, desenvolve unha estrutura de traballo a través dun organigrama explicativo da estrutura identificando unha oficina de PWC en Vigo EQUIPO DE SOPORTE TECNICO, conformada por tres persoas:

- Un director do proxecto, (dedicación ao 50 % durante a totalidade do proxecto)
- Dous consultores senior (con dedicación 100% durante a totalidade do proxecto).

Así mesmo o organigrama contempla a asistencia complementaria dun EQUIPO DE EXPERTOS, composto por unha persoa experta e procesos de verificación de fondos Europeos adscrita a oficina en Vigo, e dous persoas do Centro de Competencia de fondos Europeos da oficina de PWC en Madrid.

A proposta identifica nun esquema as funcións de cada unha das persoas que compoñen o equipo de soporte técnico directo en Vigo, enumerando de maneira detallada as funcións do director do proxecto e dos consultores senior, para cada unhas das fases nas que se desenvolve o obxecto deste contrato, as cales responden adecuadamente a proposta da memoria técnica presentada. Así mesmo identifícase na proposta as funcións do persoal que compoñen o equipo de expertos.

A proposta recolle nun gráfico a proposta de execución das funcións do equipo de traballo cunha planificación temporal das mesmas no ámbito do contrato, sendo a mesma coherente coa proposta realizada.

No contido da proposta especificase que a dedicación do persoal que conforma o equipo de traballo directo da oficina de Vigo, indicando unha dedicación que supera coa condición identificada no PPTP “*En calquera dos casos a mercantil adxudicataria disporá durante toda a vixencia do contrato un equipo estable en Vigo, coa presenza diaria do consultor senior, e coa dispoñibilidade necesaria de todos os membros para o desenvolvemento da planificación proposta polo licitador, podendo ser necesaria a presenza continua de todos os membros do equipo en función das necesidades derivadas da execución das actuacións vinculadas a estratexia DUSI VIGO VERTICAL.*”

**VALORACIÓN DOS APARTADO DE “ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS”:**  
**VALORARASE CON ATA 5 PUNTOS.:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “PWC”, a puntuación deste apartado estableceuse tendo en conta que na mesma desenvolve adecuadamente unha proposta de organigrama explicativo da dedicación dos técnicos a realización das distintas actividades comprendidas no traballo, así mesmo a proposta do equipo humano atopase adecuada e xustifica as actuacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ao contrato. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de **5,00 puntos**.

**b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano adscrito á prestación do servizo superior aos criterios mínimos establecidos no apartado 5.D desta FEC: valorarase con ata 5 puntos**

En relación a este apartado, “PWC”, identifica de acordo coa proposta organizativa un EQUIPO DE EXPERTOS conformado por tres persoas, que por un lado prestará asesoramento como soporte técnico de verificación y consulta da execución da Estratexia Vigo Vertical, ademais de prestar soporte e asesoramento na definición de instrucións para o mantemento da pista de auditoría, así como asesoramento na xestión de dúbidas e consultas co Ministerio e a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Por outro lado se conforma un EQUIPO DE SOPORTE TECNICO, de acordo co







seguinte cadro dos perfís profesionais:

Proposta para o Director proxecto:

Titulación mínima requirida: Titulación superior	Titulado superior. Executive master in Business administration por ESADE Senior Manager en PWC
Referencias proxectos similares con FEDER (min. 3 referencias)	Mais de 20 proxectos de fondos europeos FEDER.
Experiencia en dirección de proxectos con Fondos FEDER. (min 3 anos e tres proxectos)	8 anos de experiencia como responsable de cidades do centro de competencia de Fondos FEDER. Mais de 10 proxectos FEDER
Experiencia laboral (mais de 5 anos)	14 anos de experiencia laboral
Dedicación	50%

Proposta para o Consultor Senior:

Titulación mínima requirida: titulación superior	Titulado superior. Consultor Senior sector público PWC
Referencias proxectos similares con FEDER (min 3 referencias)	Mais de 8 referencias proxectos de fondos europeos FEDER.
Experiencia laboral (min 3 anos)	14 anos de experiencia laboral
Dedicación	100 %

Proposta para o Consultor:

Titulación mínima requirida: titulación superior	Titulado superior. Master en administración e dirección de empresas (MBA escola negocios Caixanova) Consultor Senior sector Público PWC
Experiencia laboral (min 2 anos)	Mais de 8 anos de experiencia laboral Mais de 6 anos experiencia en xestión fondos europeos.
Dedicación	100 %

En relación ao EQUIPO DE EXPERTOS, se describen os aspectos mais destacados de tres persoas do equipo de traballo de PWC, todos eles cunha experiencia e formación moi destacada nos ámbitos vinculados ao obxecto deste contrato.

**VALORACIÓN DO APARTADO DE “EXPERIENCIA, CUALIFICACIÓN E FORMACIÓN DO EQUIPO HUMANO ADSCRITO Á PRESTACIÓN DO SERVIZO SUPERIOR AOS CRITERIOS MÍNIMOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 5.D DESTA FEC”: VALORARASE CON ATA 5 PUNTOS.:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “PWC”, a puntuación deste apartado estableceuse tendo en conta que na mesma desenvolve adecuadamente unha proposta de adscrición do persoal que compoñe o EQUIPO DE SOPORTE TECNICO, dito persoal nos tres casos, Director de proxecto, consultor senior e consultor, teñen un grado de experiencia e cualificación superior ao mínimo requirido. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a **de 5,00 puntos**.





### 3.2. Oferta presentada pola mercantil: ERNST & YOUNG S L

En relación a documentación entregada debese indicar que a mercantil “PWC”, indica na mesa o carácter de “CONFIDENCIALIDADE”, de toda a documentación presentada na súa oferta técnica.

#### 3.2.1.- Memoria técnica dos traballos a realizar: valorarase con ata 35 puntos

Presenta nun único arquivo dixital os tres apartados que se corresponden para esta memoria, e polo tanto o mesmo, non supera as limitacións establecidas en relación ao “tamaño dixital ” do arquivo, nin ao número máximo de follas establecidos como límites máximos nas FEC para esta memoria, e procedese a valorar os apartados requiridos:

**a) Análise do e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados a) e b) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 15 puntos.**

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

A oferta presentada pola mercantil “EY”, especifica inicialmente unha proposta do enfoque metodolóxico da proposta, identificando 8 apartados; (0) tarefas comúns, (1) lanzamento do equipo de traballo interno, (2) posta en marcha das operacións, (3) despliegue do modelo de gobernanza, (4) planificación das actuacións, (5) definición do modelo de seguimento e avaliación, (6) información e publicidade e (7) participación. Neste sentido en relación a este apartado corresponde avaliar o contido das identificadas como (1) e (2)

Apartado a) do punto 2 do PPTP. Soporte para a posta en marcha do equipo de trabalo interno que compoñe a estrutura de xestión do Concello de Vigo

En relación a este apartado a proposta desenvolta por “EY”, identifica una fase de “formación para a tramitación das solicitudes” a través dun proceso de identificación das asistentes, para coñecer as necesidades formativas reais. Desenvolve unha proposta de formación enmarcada nos seguintes apartados; “Selección de operación no marco da xestión da EDUDI”, “Normas de subvencionalidade” e “principios horizontais, obxectivos transversais, contratación e I+P”, “Seguimento e avaliación de Vigo Vertical”. En cada caso identifica unha proposta de contidos. Na proposta identifica que o plan de formación desenvolverá material de utilidade, con guías rápidas de consulta, así como un procedemento para a resolución de dúbidas.

A proposta identifica unha batería de directrices para o seguimento abarcando diversas materias dende contratación pública, sobre información e publicidade, e sobre os indicadores de produtividade e a pista de auditoría, pero sen identificar ningunha aplicación practica.

Sobre a interpretación normativa, na proposta de “EY”, se procede a identificación e enumeración de distintas normas e instrucións.

Neste apartado se inclúe un apartado para o análise dos riscos, dita proposta ten un desenvolvemento xenérico e teórico. Non analiza as obrigas derivadas do cumprimento dos prazos en relación os establecidos polo “marco de rendemento –pero si enumerado nos contidos formativos-”, debendo de cualificarse tal escenario no ámbito dos riscos de execución.





En relación as propostas en relación ao apartado da “pista de auditoría”, na proposta unicamente se especifica una xustificación e descrición xenérica.

Apartado b) do punto 2 do PPTP. Soporte para a posta en marcha das operacións vinculadas ao proxecto.

Neste apartado “EY” desenvolve a súa proposta no ámbito da tarefa (9), a cal procede a describir unha clasificación dos procesos en base o sistema que se utilice na súa xestión (execución directa, contratación a terceiros, axudas a terceiros, etc) e outros aspectos tales como contabilidade separada, cálculos de indicadores de produtividade e resultados, avaliación, etc. Toda esta descrición e de carácter xenérica sen

Define neste apartado unha tarefa (10) de apoio a execución dos procedementos sen ningunha aplicación concreta sobre a estratexia de Vigo.

**VALORACIÓN DOS APARTADOS A) E B) DO PUNTO 2 DO PPTP: VALORARASE CON ATA 15 PUNTOS:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “ERNST & YOUNG S L”, a puntuación deste apartado establecece tendo en conta que a mesma indica un coñecemento específico dos procedementos esixidos pola regulación de Fondos FEDER así como dos conceptos principais para o desenvolvemento dos proxectos de estratexias DUSI, pero no desenvolvemento da súa proposta en relación ao análise dos riscos, e a definición de criterios para o mantemento da pista de auditoría, unicamente os desenvolve dende un punto de vista xenérico, teórico e con unha escasa adaptación dos mesmos ao obxecto concreta da estratexia do Concello de Vigo de acordo o desenvolto no resumen executivo que forma parte do PPTP. Así mesmo en relación esta situación se reitera no apartado sobre o soporte para a posta en marcha das operacións vinculadas ao proxecto. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a **de 8,00 puntos.**

**b) Análise e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados c), d) e e) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

Apartado c) do punto 2 do PPTP. Despregamento do modelo de gobernanza

Define neste apartado unha tarefa (11) de desenvolvemento dun modelo de gobernanza, no cal identifícase unha necesidade reiterada sobre o principio de separación das funcións, e outros conceptos que son de carácter obrigatorio da estratexia e polo tanto non teñen incidencia neste apartado. Neste sentido establecece un gráfico que unicamente define as competencias xa establecidas para o Concello de Vigo como “organismo intermedio para a selección de operación e beneficiario da subvención FEDER”, e xa desenvolto. A proposta reitera aspectos xa expostos e polo tanto de carácter xenérico, e outros que non teñen unha incidencia directa coa propia estratexia, como a proposta de deseño dun modelo de “antena de financiación” como unha oportunidade para sentar as bases dunha futura oficina de captación de fondos para inversión da cidade, cuestión que non se atopa dentro do obxecto tan concreta do obxecto deste contrato.





Apartado d) do punto 2 do PPTP. Planificación das actuacións

O desenvolvemento deste apartado se enmarca na tarefa (12) definida como apoio a planificación estratéxica, a cal se xustifica na necesidade de adaptar as operacións previstas a nova situación de execución da estratexia, motivado polo paso do tempo dende a súa aprobación. Neste proceso fai unha descrición teórica para a identificación de novos acontecementos, para interrelación entre operacións. Determinación de medidas para acelerar a execución, etc. Por outra banda identifica unha nova tarefa (13) sobre sistemas de revisión, a cal se xustifica como un medio para actualizar a planificación para garantir o cumprimento dos prazos e o cumprimento da senda financeira.

Apartado e) do punto 2 do PPTP. Definición do modelo de seguimento e avaliación

O licitador neste apartado desenvolve as tarefas (14) asesoramento no sistema de seguimento e apoio, a cal na súa descrición determina a necesidades do seguimento sobre os indicadores de produtividade, de desenvolvemento e da senda financeira, pero non desenvolve ningún aspecto concreto sobre os indicadores desta estratexia, os cales forman parte do resumen executivo da estratexia desenvolto no anexo I do PPTP, deste expediente. Si desenvolve unha proposta para a determinación dunha matriz de avaliación coas fontes de información, analizando aspectos xenéricos para criterios de avaliación e sobre cuestións de avaliación, teóricas.

**VALORACIÓN DOS APARTADOS C), D), E) DO PUNTO 2 DO PPTP: VALORARASE CON ATA 10 PUNTOS:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “ERNST & YOUNG S L”, a puntuación deste apartado establece tendo en conta que a mesma desenvolve os tres apartados requiridos reiterando aspectos xa expostos nos apartados avaliados anteriormente. Na proposta do modelo de gobernanza desenvolve aspectos que non teñen unha incidencia directa coa propia estratexia, o cal debese catalogar como incoherente coa especificidade solicitada. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a **de 6,00 puntos**.

**c) Análise e propostas para o desenvolvemento do soporte técnico dos servizos para o ámbito de actuación dos apartados f) e g) do punto 2 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

Apartado f) do punto 2 do PPTP. Información e publicidade

En relación a este apartado o licitador destaca que a xestión de fondos FEDER, leva implícito unhas obrigas en materia de información e publicidade, así como a aportación dos valores dos indicadores da estratexia. Destaca a necesidade e importancia deste apartado e propoñe unha estratexia que posibilite a súa mediación e o seu alcance tanto interno como externo. Este proceso o desenvolve na tarefa (15) Soporte na preparación dun Plan de comunicación e Divulgación, que desenvolve con detalle unha proposta para a definición dos obxectivos iniciais, así como unha proposta para o deseño dun plan de actividades de comunicación. Unha planificación estratéxica do mesmo, así como as propostas para o seguimento e contrato, incluído procesos de monitorización e control para o coñecemento dos indicadores que deberán ser tidos en conta

Apartado g) do punto 2 do PPTP. Participación

A proposta identifica este apartado dentro da tarefa (16) apoio no establecemento dunha estratexia de participación. A mesma contempla unha descrición dos diferentes niveis para a potenciar dita participación, destacando con carácter xeral, axentes económicos, (non se





identifican os valores económicos da cidade no ámbito da estratexia DUSI). Ámbito académico da Universidade de Vigo, investigadores galegos, sabios externos, cidadanía de Vigo. Neste apartado propónse como mecanismos de traballo o desenvolvemento de sesións de traballo por sector, sesións mixtas, sesións de co-creación con cidadáns, todas elas dende un punto de vista teórico e xenérico sen ningunha aplicación concreta no ámbito da estratexia.

**VALORACIÓN DOS APARTADOS F), E G) DO PUNTO 2 DO PPTP: VALORARASE CON ATA 10 PUNTOS:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “ERNST & YOUNG S L”, a puntuación deste apartado estableceuse tendo en conta que na mesma acredita ter un coñecemento específico das esixencias técnicas dos ámbito de comunicación e participación cidadán para a xustificación das actuación dos fondos FEDER. En relación o plan de información e publicidade a proposta alcanza un grado de concreción adecuada y unha xustificación das propostas con coherencia dos mesmos. En relación ao apartado de participación cidadán, propoñe mecanismos de traballos desenvoltas mais dende un punto de vista teórico e xenérico sen ningunha aplicación concreta no ámbito da estratexia. Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a **de 8,00 puntos**.

**3.2.2.- Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos ao proxecto:** valorarase con ata **10 puntos**

Presenta nun único arquivo dixital os dous apartados que se corresponden para esta memoria, e polo tanto o mesmo, non supera as limitacións establecidas en relación ao “tamaño dixital ” do arquivo, nin ao número máximo de follas establecidos como límites máximos nas FEC para esta memoria, e procedese a valorar os apartados requiridos:

De acordo cos requirimentos do PPTP, o contido deste apartado deberá desenvolver as propostas do licitador para os seguintes apartados:

c) **Organización dos recursos humanos:** valorarase con ata **5 puntos**

A proposta de “ERNST & YOUNG S L”, ademais de expoñer a capacidade xeral da empresa, desenvolve unha estrutura de traballo a través das seguintes propostas:

- Disposición de ferramentas informáticas para a xestión dos servizos ofertados.
- Establece unha proposta de traballo a través dun comité de seguimento e un comité de dirección, establecendo unha proposta organizativa de reunións de coordinación
- A proposta desenvolve a composición dun organigrama composto polos seguinte grupos de traballo:

Comité de expertos composto por nove persoas. Solo presta apoio en función das necesidades do proxecto.

Equipo de traballo composto por catro persoas que se corresponden coa seguintes condicións:

- Socio responsable proxecto. (dedicación 30 horas)
- Director proxecto. (dedicación 464 horas)
- Consultor senior (dedicación 628 horas)
- Consultor, nesta caso a proposta indica a subcontratación do mesmo a través da mercantil Plexus (dedicación 688 horas).

A proposta establece unha proposta gráfica detallada da dedicación dos mesmos do equipo de traballo, así como a distribución das horas en relación as tarefas expostas no seu proxecto técnico, e un cronograma proposto para completar todas as fases do obxecto do contrato.





**VALORACIÓN DOS APARTADO DE “ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS”: VALORARASE CON ATA 5 PUNTOS.:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “de “ERNST & YOUNG S L”, a puntuación deste apartado establece tendo en conta que na mesma desenvolve adecuadamente unha proposta de organigrama explicativo da dedicación dos técnicos a realización das distintas actividades comprendidas no traballo, así mesmo a proposta das actuacións e funcións do equipo humano atopase xustificada, Polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de **5,00 puntos**.

**d) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano adscrito á prestación do servizo superior aos criterios mínimos establecidos no apartado 5.D desta FEC:** valorarase con ata **5 puntos**

En relación a este apartado, “ERNST & YOUNG S L”, identifica de acordo coa proposta organizativa un EQUIPO DE EXPERTOS, que ten unha actuación complementaria, e un EQUIPO DE TRABALLO co seguinte cadro dos perfís profesionais relacionados coa proposta de Director de proxecto, Consultor Senior, e Consultor:

Proposta para o Director proxecto:

Titulación mínima requirida:	Titulado superior.
Titulación superior	Senior Manager Sector público ERNST & YOUNG S L
Referencias proxectos similares con FEDER (min. 3 referencias)	Mais de 20 proxectos de fondos europeos FEDER.
Experiencia en dirección de proxectos con Fondos FEDER. (min 3 anos e tres proxectos)	Mais de 10 proxectos FEDER
Experiencia laboral (mais de 5 anos)	13 anos de experiencia laboral en consultoría
Dedicación	464 horas

Proposta para o Consultor Senior:

Titulación mínima requirida:	Titulado superior.
titulación superior	Consultor Senior sector público PWC
Referencias proxectos similares con FEDER (min 3 referencias)	Mais de 8 referencias proxectos de fondos europeos FEDER.
Experiencia laboral (min 3 anos)	4 anos de experiencia laboral
Dedicación	628 horas

Proposta para o Consultor:

Titulación mínima requirida:	Identifica no perfil profesional a titulación de “Enxeñeiro Técnico en Informática, a cal non acredita a equivalencia do requisito de titulación superior.
titulación superior	Consultor
Experiencia laboral (min 2 anos)	3 anos de experiencia laboral-
Dedicación	688 horas

Ademais destes tes perfil, no equipo identificase un perfil de Socio responsable do proxecto, cunha ampla experiencia e formación, sendo a súa dedicación moi baixa (30 horas durante os 6 meses). Ademais en relación ao EQUIPO DE EXPERTOS, se describen os aspectos máis destacados de nove traballadores de ERNST & YOUNG S L, todos eles cunha experiencia e formación moi destacada nos ámbitos vinculados ao obxecto deste contrato.





**VALORACIÓN DO APARTADO DE “EXPERIENCIA, CUALIFICACIÓN E FORMACIÓN DO EQUIPO HUMANO ADSCRITO Á PRESTACIÓN DO SERVIZO SUPERIOR AOS CRITERIOS MÍNIMOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 5.D DESTA FEC”: VALORARASE CON ATA 5 PUNTOS.:** De acordo coa avaliación da proposta realizada pola mercantil “de “ERNST & YOUNG S L”, a puntuación deste apartado estableceuse tendo en conta que na descrición do EQUIPO DE TRABALLO, a experiencia e cualificación do Director do proxecto e superior ao mínimo requirido, pero xustificando menos experiencia en relación ao perfil do consultor senior sobre o nivel avaliado na oferta de PWC. Por outro lado cualificación e formación da figura “CONSULTOR”, ademais de ser inferior en comparación da presentada por PWC, non acada a titulación do requisito establecido no APARTADO 6.D das FEC, xa que na proposta identifica a proposta do persoal a adscribir como “CONSULTOR”, coa titulación de “Enxeñeiro Técnico en Informática”, a cal non acredita a equivalencia do requisito de titulación superior-, polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de **0,00 puntos**.

Derivado desta valoración debese indicar que si derivado da finalización do proceso de avaliación das ofertas presentadas, a mercantil “ERNST & YOUNG S L”, deberá acreditar o cumprimento da obriga da titulación requirida no PCAP para a figura de “CONSULTOR”, tendo en conta que na súa oferta declara que a mesma cumpre cos requisitos requiridos para esta licitación.

**4. RESUMEN DE PUNTUACIÓNS:**

	PWC	ERNST & YOUNG S L
Valoración dos apartados a) e b) do punto 2 do PPTP (max 15 ptos)	15	8
Valoración dos apartados c), d) e) do punto 2 do PPTP (max 10 ptos)	10	6
Valoración dos apartados f), e g) do punto 2 do PPTP (max 10 ptos)	8	8
<b>MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR: (max 35 ptos)</b>	<b>33</b>	<b>22</b>
Organización dos recursos humanos (max 5 ptos)	5	5
Experiencia, cualificación e formación do equipo humano adscrito a prestación do servizo superior aos criterios mínimos establecidos no apartado 5.D desta FEC (max 5 ptos)	5	0
<b>MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO: (max 10 ptos)</b>	<b>10</b>	<b>5</b>
<b>PUNTUACION TOTAL CRITERIOS POR XUIZO DE VALOR</b>	<b>43</b>	<b>27</b>

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Xefe da Área de Investimentos. José Angel Otero Lamas

